



Parlamento das Letras: Concha Blanco

Publicado o [07/11/2012](#)

Concha Blanco estivo exposta durante demasiado tempo a dúas sortes de radiacións letais de necesidade: dunha banda, o mar ceense, que pola súa Lires de nacemento se vai facendo ría, un horizonte tal que a súa soa contemplación enferma a unha converténdoa, irremediabilmente, nun animal soñador; e, doutra parte, o contacto diario como educadora coas máis noviñas e noviños, bieita contemplación dos rebezos ilusionados á procura sempre de historias e palabras na boca de quen contar llas queira, veneno mortífero que gabea polas veas e move o pulso da escrita ou si ou si.

De resultas de tan fadada circunstancia, Blanco leva máis de trinta anos alimentado os sonhos dos que fixeron súas as maxinacións dos seus máis de corenta libros, habitados por seres de todas as especies e condicións, universo fabuloso onde todo é posible agás non renderse á evidencia de que a maxia das verbas nos cambia para sempre.

De todo iso e de moito máis falan as respostas de Blanco nesta conversa, crebas propicias que deixan sobre o areal da conversa os tesouros máis insospeitados.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

A miña primeira obra, *Contos para a escola*, é do ano 1981 e a segunda, *Cousiñas para a escola*, do ano 1984. Foron escritas case seguidas un par de anos antes de saír á luz a primeira. As dúas foron publicadas por Edicións do Castro.

O curioso é que esas obras escribinas sen pensar en publicalas. Naceron como material exclusivo para o alumnado da miña escola de Dumbría. Eran tempos ruíns para o galego escrito.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non sei se podo dicir ‘mellor tratada’. Quizais acertariamos empregando ‘máis afortunada’. Refírome a *A vaca titiriteira*. Xa a súa presentación, xunto con outros dous títulos da colección, foi salientable e moi coidada. Logo outros títulos meus da mesma colección, máis adiante, xa non tiveron ese trato, iso que algún foi merecedor dun galardón.

A obra que pasou máis desapercibida foi *Andrómenas?*, finalista do Premio Barco de Vapor no ano 1989.

O trato desigual, ao non seren da mesma editorial, é difícil de valorar. Estou segura de que o título *Andrómenas?* non é atractivo coma para que desde os andeis das librerías chame polo lector ou lectora. Con todo, penso que os comerciais do sector do libro poden facer moito por

un título. Por certo, hai un tempo que foi descatalogado por aquela editorial na que naceu e agora acaba de estrearse a súa segunda vida noutra editorial, iso si, con outro título: *Misterio resolto*.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Que sempre escribo os orixinais á man. Xa non é un hábito ou unha manía. É unha necesidade. Escribir á man, cada vez máis en cadernos ca en folios, síntoo coma un pasatempo, un divertimento e tamén unha liberación. Escribir a ordenador xa o tomo coma un traballo. O mesmo me ocorre coas revisións; necesito ter o texto impreso en papel, pois estou máis segura de dar cos erros que na pantalla do monitor (ao mellor ten que ver co de ser docente e andar sempre corrixindo cadernos).

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Confórmome con estar na antoloxía e sérveme aparecer por orde alfabética. O meu apelido é Blanco e do A-B-C hai grandísimos autores e autoras.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Esta pregunta fíxome reflexionar. Sinceramente saliento:

O *motivo* e o *momento* no que empecei a escribir en galego. O alumnado da miña escola, moi rural, falaba e pensaba en galego, pero non o lía nin o escribía porque a Lei de Educación non tiña en conta esta lingua no ensino (e da Lei de Normalización Lingüística nin existía o nome). Ademais, a sociedade infravalorábao. Todo estaba en contra dela. Necesitaba urxentemente transmisores no mundo da cultura.

Tamén a *constancia*. O meu non foi unha escrita puntual. Continúo producindo textos desde aquela primeira vez.

Diría que outro trazo é a *diferenza* de modalidades e xéneros que trato: infantil, xuvenil, adultos. Narrativa, teatro, poesía.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Procuro ler títulos que me recomendan, obras cos que dou ou das que vexo críticas que as fan interesantes. E non sempre novidades. Non son de releer obras, pero si que hai un autor ao que volvo de cando en cando: Castelao. Tamén lin varias veces *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltanlle lectoras e lectores. Tamén precisa de máis visibilidade dentro e fóra das nosas fronteiras. Considero que son poucos os autores e autoras traducidos. Si, si, digo autores máis ca obras. E axudas, as editoriais quéixanse das escasas subvencións.

Sobrar... Cando se necesita tanto non sobra nada.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Eu escribo sobre o que me vai xurdindo e cando sinto necesidade de facelo. Non teño nada literariamente programado para deixar en herdanza. O que si me gustaría é que a miña obra, ou algún dos títulos meus, recibise un bo premio.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Moi ben no tocante á calidade de obras publicadas, ao número salientable de obras no mercado e á potente xeración nova que está aí pisando forte e avanzando.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Que todos nos comprometamos a que o futuro de permanencia da nosa Literatura ao longo da Historia sexa unha realidade e non un soño.